

**CONCELLO PLENO**

**ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2015/08

**CARÁCTER:** EXTRAORDINARIO.

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 1 de xullo de 2015

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as 20,40 **horas do día 1 de xullo de 2015** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

**Concelleiros presentes**

**Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas**

D.Fernando Suárez Barcia  
Dona María Luz Alvarez Lastra  
D. Vicente Castro Reigosa  
D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.  
D.Xosé Farruco Graña Rama  
Dona María Sonia Meilán Vizoso  
D.David Rivas Peña  
Dona María da Paz Ermida Igrexas  
D.Jorge Díaz Freije  
Dona Vanesa Yanes Rivas

**Por Partido Popular**

D.Jesús López Penabad  
Dona María Rosina Tosar López  
D.José Juan Estevez Fernández  
D.José María Suárez García

**Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

D.Roberto Ramos Piñeiro  
D. David Fernández Feijoo

**Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**

Dona Marta María Saiz García

**Secretario Xeral:**

D.José A. Carro Asorey

**Interventor:**

D.Luis R.Vázquez Parga

**Técnico de Admón.Xeral.**

D. José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**1.- INFORME DA ALCALDÍA SOBRE CONSTITUCIÓN DE GRUPOS MUNICIPAIS E DECRETOS RELATIVOS A COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Por Secretaría dase conta das comunicacións cursadas para a constitución dos diferentes Grupos Políticos e adscripción dos Concelleiros electos así como de nomeamento de voceiros dos mesmos, quedando do seguinte xeito:

Grupo Político do BNG-AA

Grupo Político do Partido Popular

Grupo Político do PSG-PSOE

Grupo Político Mixto (integrado pola Concelleira de Ciudadans).

Dase conta tamén dos diferentes Decretos ditados en relación ao asunto epigrafiado:

**DECRETO DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.-**

Resultando, que o pasado 13 de xuño de 2015 quedou constituída a nova Corporación Municipal como consecuencia das eleccións locais levadas a cabo o 24 de maio de 2015.

Visto o disposto nos artigos 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, 62 e 63 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das E.Locais (RD 2568/1986, de 28 de novembro).

**RESOLVO:**

1º Nomear **Tenentes de Alcalde** aos seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde Dona Ana María Martínez Fernández

Segundo Tenente de Alcalde D.Vicente Castro Reigosa.

Terceira Tenente de Alcalde Dª Mari Luz Alvarez Lastra.

Cuarto Tenente de Alcalde D.Xosé Farruco Graña Rama

Quinto Tenente Alcalde Dona María Sonia Meilán Vizoso.

2º Dar conta destes nomeamentos ó Pleno na primeira sesión que celebre e publicar esta Resolución no BOP.

### **DECRETO DE COMPOSICION DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

Resultando, que o pasado día 13 de xuño de 2015 quedou constituída a nova Corporación Municipal como consecuencia das eleccións locais levadas a cabo o 24 de maio de 2015.

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das E.Locais (RD 2568/1986, de 28 de novembro).

#### **RESOLVO:**

1º A Xunta de Goberno, baixo a Presidencia do Alcalde, estará composta polos Concelleiros/Tenentes de Alcalde seguintes:

Dona Ana María Martínez Fernández (BNG)

D.Vicente Castro Reigosa(BNG)

Dona Maria Luz Alvarez Lastra(BNG)

D. Xose Farruco Graña Raña.(BNG)

Dona Sonia Meilán Vizoso (BNG)

2º Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que celebre e publicar a mesma no BOP.

### **DECRETO DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

Resultando, que o pasado 13 de xuño de 2015 quedou constituída a nova Corporación Municipal como consecuencia das eleccións locais do 24 de maio de 2015.

Considerando, que con esta mesma data quedan designados os membros integrantes da Xunta de Goberno Local.

Considerando, que o vixente réxime local recolle a posibilidade de delegación de certas atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local,

Visto o disposto nos artigos 21.3) da Lei 7/1985, de 2 de abril e 65 2. b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia,

#### **RESOLVO:**

1º.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

-Outorgamento de licencias urbanísticas para os actos de edificación, uso do solo ou subsolo

segundo a numeración recollida no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, artigo 10 do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro para o desenvolvemento da Lei do solo de Galicia e disposicións concordantes do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ribadeo; así como o outorgamento das licencias de actividades sometidas a avaliación ambiental, agás que por razóns de urxencia e interese público se avoque a competencia delegada cando non sexa posible a realización de Xunta de Goberno Local e co fin de cumprir co disposto no artigo 196. 2 da citada Lei 9/2002.

-Liquidacións tributarias derivadas do outorgamento das anteriores licencias urbanísticas.

-Exencións e bonificacións en expedientes tributarios e de prezos públicos.

2º. Dar conta destas delegacións ó Pleno do Concello e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebren e facer pública esta Resolución mediante anuncio no BOP.

A Corporación dase por enterada.

## **2.- RÉXIME DE SESIÓNS DOS PLENOS**

Por Secretaría dase lectura á Proposta da Alcaldía que se transcribe:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.**

Visto o réxime de sesións do Concello Pleno establecido no artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril modificado pola Lei 11/1999 de 21 de abril,

#### **PROPOÑO:**

Que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

1.O Concello Pleno celebrará sesións ordinarias cada dous meses **coincidindo co segundo luns dos meses que corresponda**. Para o caso de que as mencionadas datas coincidiran con día festivo ou non se poidera celebrarr a sesión por causa xustificada a mesma celebrarase o inmediato día hábil.

2.- Establecer a posibilidade de demora ou anticipo, nos días necesarios, como máximo unha semana da data de celebración das sesións ordinarias, ou excepcionalmente en dúas, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ó apartado e) do art. 46.2 da Lei 7/1985 pola Lei 11/1999 de 21 de abril modificadora da mesma.

O horario das sesións será ás 20,30 horas todo o ano.”

A Corporación, por quince votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG,PP e Mixto) e dúas abstencións dos membros do Grupo do PSG-PSOE, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

### **3.- RÉXIME DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Por Secretaría dase lectura á Proposta da Alcaldía que se transcribe:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

##### **REXIME DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dado que o artigo 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia establece que o réxime de sesións ordinarias da Xunta de Goberno será fixado polo Pleno da Corporación,

#### **PROPOÑO:**

Que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria **o primeiro e terceiro martes de cada mes.**

Para o caso de que as mencionadas datas coincidiran con día festivo ou non se poidera celebrar a sesión por causa xustificada a mesma celebrárase o inmediato día habil.

O horario das sesións será para o todo o ano ás 20,00 horas.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

### **4.-CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

Por Secretaría dase lectura á Proposta da Alcaldía que se transcribe:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDIA**

##### **CREACION E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

Visto o disposto nos artigos 20 c) da Lei 7/1985, modificada pola Lei 11/1999, 66 e ss. da Lei

5/1997 de Administración Local de Galicia e 123 e ss. do R.O.F.

**PROPOÑO:**

1º.- Que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo relativo á creación e composición das Comisións Informativas sque se sinalan:

**Comisións Informativas Permanentes**

**Comisión de Réxime Interior, Facenda de Especial de Contas.**

**Comisión de Urbanismo, Infraestruturas e Vivenda**

**Comisión de Medio Ambiente, Desenvolvemento Sostíbel e Servizos Municipais**

**Comisión da Área Sociosanitaria, Cultural e Deportiva**

2º. Que a composición das Comisións Informativas Ordinarias será de **9 membros** formada do seguinte xeito:

**Presidente:** Alcalde-Presidente

**Vogais:**

**BNG-AA (Grupo BNG-AA)**, 4 membros, **Partido Popular (Grupo Popular)** 2 membros, **PSG-PSOE (Grupo PSG-PSOE)** 1 membro e **Ciudadanos (Grupo Mixto)** 1 membro.

3º. Solicitar aos portavoces dos diferentes grupos ou Partidos políticos, de ser o caso, para que mediante escrito dirixido a esta Alcaldía **e no prazo de cinco días hábiles** sinalen os Concelleiros que adscriben a cada unha das Comisións así como os seus suplentes.

4º. As Comisións informativas celebrarán sesión ordinaria de xeito previo ás sesións da mesma natureza do Concello Pleno e coa anticipación regulamentariamente esixida; as sesións extraordinarias serán do mesmo xeito previas ás da mesma natureza do Concello Pleno ou cando sexan convocadas polo Alcalde-Presidente ou solicitadas pola cuarta parte dos membros da Corporación."

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

**5.-CREACIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES.**

Por Secretaría dase lectura á Proposta da Alcaldía que se transcribe:

**PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA**

**CREACIÓN DA XUNTA DE VOCEIROS**

Por esta Alcaldía **PROPONSE** que polo Pleno Municipal, dentro do ámbito da

autonomía e de autoorganización da Corporación Municipal establecido polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, se adopten os acordos seguintes:

1º. De aprobación da constitución formal da **Xunta de Voceiros** dos Grupos Políticos do Concello de Ribadeo (BNG-AA, PP, PSdeG-PSOE e Grupo Mixto)

2º. A referida Xunta de Portavoces terá a regulación básica seguinte:

#### Composición e constitución.—

1.A Xunta de Voceiros, órgano deliberante e consultivo do Concello de Ribadeo , está presidida polo Alcalde e a integran os portavoces dos Grupos Municipais que teñen representación no Pleno Municipal (BNG-AA, PP, PSdeG-PSOE e Grupo Mixto).

2. A Xunta de Portavoces quedará constituída por resolución do Alcalde, tan pronto como se houbera formalizado a designación dos seus integrantes.

3. As modificacións da súa composición se axustarán o mesmo trámite da constitución.

#### Funcions.—

1.Correspondelle a Xunta de Voceiros, con carácter xeral examinar a orde do día ou asuntos específicos do mesmo, das sesións ordinarias ou extraordinarias do Pleno Municipal cando non fora posible a convocatoria ou celebración da Comisión Informativa correspondente ou a natureza do asunto o requira e, en particular, de ser o caso, as seguintes cuestións:

- a) Determinar os asuntos incluídos na orde do día sobre os que se vai a entablar debate.
- b) Establecer o orde de intervención dos grupos.
- c) Fixar os tempos no debate.

2.-A recepción da dación de conta pola Alcaldía das contratacións laborais efectuadas por razóns de urxencia e interese público sen seguir o procedemento xeral establecido, conforme ó disposto nas bases reguladoras

3.- A Xunta de Voceiros se pronunciará, con carácter xeral, naqueles casos en que por razóns de axilidade no funcionamento administrativo se considere convinte,e cando exista a urxencia para a adopción de acordos de interese que non permitan a convocatoria das Comisións Informativas correspondentes.

4.- Podrá ser tratada pola Xunta de Voceiros, ademáis, calqueira outra cuestión relacionada con funcionamento das sesións dos Pleno Municipal, ou que este órgano lle encomende.

Convocatoria.-

A Xunta de Portavoces poderá ser convocada tanto a iniciativa da Alcaldía como a proposta de a lo menos dous membros da Xunta de Portavoces da Corporación.

Actas.-

De cada reunión da Xunta de Portavoces se levantará, pola Secretaría Xeral da Corporación, acta sucinta de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aos efectos procedentes.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, dezasete, acorda prestar aprobación á proposta de referencia.

**6.-DETERMINACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO.**

Por Secretaría dase lectura á Proposta da Alcaldía que se transcribe:

**PROPOSTA DA ALCALDIA DE DETERMINACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE RIBADEO.**

En relación coa determinación do cadro de persoal eventual do Concello de Ribadeo , de conformidade co disposto no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 250 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

1º. O número, denominación e retribución do persoal eventual do Concello de Ribadeo será o seguinte:

Nº postos	Denominación, categoría e adicación	S.Base/mes	Nivel CD	C.Específ.	Pagas Extras	Total mes bruto/neto
1	Secretaría particular Alcaldía  Administrativo.  Exclusiva	720,02	21	750,00	3,845,46	<b>1.943,37 €</b>  <b>1,500.68 €</b>

2º. As retribucións do persoal eventual surtirán efecto, en todo caso, dende o momento de



aceptación do cargo pola persoa que sexa nomeada e incrementaránse anualmente de xeito automático co índice que se aplique, no seu caso, ao persoal do Concello, séndolle de aplicación asimismo as prestacións complementarias de que gocen os empregados públicos do Concello de acordo co Acordo regulador/Convenio de aplicación, por analoxía.

3º. Practicar as oportunas modificacións na RPT e cadro de persoal.

4º. O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Intervén o voceiro do PSG-PSOE Sr. Ramos Piñeiro que manifesta non estar de acordo coa existencia da Secretaría da Alcaldía, xa non estaban en 2007 nin en 2011 con 7 concelleiros no equipo de goberno e que agora con dez concelleiros que poden traballar mais lles parece desproporcionado. Sinala por outra banda que nos importes deberían recollerse os custos sociais para dar a verdadeira imaxe á cidadanía do custo total deste servizo e manifesta que o voto do seu Grupo vai ser en contra.

Intervén o concelleiro do Grupo Popular Sr. López Penabad manifestando que foi testigo cando fai oito anos se contratou por primeira vez e respectando o traballo que realiza a persoa, non está de acordo e manifesta o voto negativo do seu Grupo.

O Sr. Alcalde agradece os argumentos expostos pero sinala a realidade da xestión destes últimos anos no Concello que é intensísima e explica que o Ribadeo no ano 2015 non ten nada que ver co Ribadeo de 1999, ce 2002 e incluso co Ribadeo de 2008. Convida a calquera que queira a pasar unha xornada co Alcalde para poder vulgar o que supón a xestión diaria.

Sométese a votación a proposta da Alcaldía que resulta aprobada nos propios termos da mesma por dez votos a favor ( dos membros do Grupo do BNG-AA) seis votos en contra ( catro do Grupo do PP e dous do Grup do PSG-PSOE) e unha abstención ( da concelleira de Cidadans no Grupo Mixto).

## **7.-DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

A instancia da Alcaldía-Presidencia dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Unha vez celebradas as Eleccións Municipais, o pasado 24 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación municipal, resulta necesario e conveniente proceder ao establecemento da nova organización municipal, e, en particular, á determinación das achegas que percibirán os grupos políticos da Corporación nos termos que regula o artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Considerando o recollido na providencia de Alcaldía de 15/06/2015 e o informe de Intervención da mesma data, polo que se declara a existencia de suficiente consignación orzamentaria para proceder ao pago das achegas que se prevén.

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

### **ACORDO**



**PRIMEIRO.** Establecer as achegas para os grupos políticos da corporación, en función do disposto no artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de acordo co seguinte:

- Asignación anual por Grupo Político 400 euros/ano é dicir 100 euros /trimestre.
- Asignación anual por Concelleiro: 300 euros/ano para cada Concelleiro , é dicir 75 euros /trimestre para cada Concelleiro.

Coa actual composición plenaria o resultado sería:

- Grupo do BNG (10 Concelleiros): Fixo: 400 euros + 3.000 euros= 3.400 euros de asignación total anual.
- Grupo Popular (4 Concelleiros): Fixo: 400 euros + 1.200 euros = 1.600 euros de asignación total anual.
- Grupo PSdeG (2 Concelleiros): Fixo: 400 euros + 600 euros=1.000 euros de asignación total anual.
- Grupo Mixto (1 Concelleiro): Fixo: 400 euros + 300 euros=700 euros de asignación total anual

**SEGUNDO:** As regras ás que se someterá a asignación establecida para os distintos grupos políticos serán as seguintes:

1. Estas dotacións destinaranse a calquera dos seguintes conceptos, ou outros de similares características, sen que en ningún caso poidan utilizarse para os gastos que se atopen expresamente prohibidos pola lexislación vixente (art. 73.3 da Lei de Bases do Réxime Local), é dicir o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación, incluídos os concelleiros que forman parte do grupo político, ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial:

- a) Gastos de material de oficina, consumibles do ordenador, fotocopias e material non inventariable.
- b) Contratación de persoal externo, en calquera das formas que admite o dereito laboral, para que realice traballos administrativos ou de asesoramento necesarios para o grupo municipal.
- c) Contratar informes con profesionais ou empresas, que exerzan a actividade legalmente, sobre asuntos municipais. Inclúense neste apartado os encargos de enquisas.
- d) Gastos de difusión de información aos cidadáns, en publicacións (no sentido máis amplo posible: folletos, carteis, revistas, notas en prensa, etc.), radio, televisión, conferencias ou páxinas web, sempre que dita información trate maioritariamente temas municipais.
- e) Gastos en xornadas ou cursos de formación relacionados directamente co labor municipal.
- f) gastos de locomoción, dietas ou gastos de manutención con motivo do traballo do persoal do grupo así como polos concelleiros que o integran.
- g) Gastos xudiciais para impugnar calquera acto municipal.

2. Os grupos políticos deben levar unha contabilidade específica das dotacións, que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida. Con independencia diso, a data 30 de xuño de cada ano, deberán presentar na Secretaría do Pleno conta xustificativa simplificada dos gastos realizados o ano anterior con cargo ás dotacións e do saldo da conta na que se realizan os pagos e ingresos daquelas. Estas declaracións estarán a disposición do resto dos grupos políticos municipais a fin de que si o estiman pertinente poidan solicitar do Pleno a posta a disposición da contabilidade do grupo cos correspondentes xustificantes do gasto realizado.

O último ano da lexislatura, os grupos políticos municipais deberán liquidar a totalidade das dotacións que recibiron ao longo dos catro anos, reintegrando en Tesourería municipal o exceso de dotación, se esta fose superior ao debidamente xustificado. As liquidacións deberanse realizar antes da toma de posesión da nova Corporación.

3. Coa finalidade de facilitar ou cumprimento dá anterior obriga organizarase unha contabilidade baseada nos principios contables (sen prexuízo dá aplicación do método dá partida simple, que consiste en levar conta das operacións económicas de entradas e saídas e as dispoñibilidades de diñeiro en cada momento), con aplicación do principio de caixa (a imputación de ingresos e gastos deberá facerse non momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada dous ingresos e dous gastos, é dicir, no momento do cobro ou do pago).

Os grupos políticos levarán necesariamente os seguintes libros de contabilidade:

- Libro de gastos.
- Libro de ingresos.
- Libro de caixa

Libro de gastos: rexistraranse por orde cronolóxica todas as operacións relativas a gastos en función dá súa natureza.

Libro de gastos.

Data	Núm. Operación	Concepto	Importe
	Gasto		

Libro de ingresos: rexistraranse por orde cronolóxica todas as operacións de ingresos en función dá súa natureza.

Libro de ingresos.

Data	Núm. Operación	Concepto	Importe
	Ingreso		

Libro de caixa: anotarase as entradas e saídas consignando as primeiras no Debe e as segundas no Haber, determinándose a existencia en cada momento, coa seguinte descrición:

Libro de caixa.

Núm. Operac.	Núm. Operac.	Concepto	Debe	Haber	SALDO
Ingreso	Gasto		(Ingresos)	(Pagos)	

**TERCEIRO:** Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia."

A Corporación, por dez votos a favor ( dos membros do Grupo do BNG-AA) e sete abstencións ( catro dos membros do Grupo Popular, dúas dos membros do Grupo do PSG-PSOE e unha da concelleira de Cidadans no Grupo Mixto) acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

## **8.-DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Por Secretaría dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

### **“PROPOSTA DA ALCALDIA.-**

### **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

Resultando, que por Resolución da Alcaldía desta data quedou fixada a composición da Xunta de Goberno Local,

Considerando, que o artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril modificado pola Lei 11/1999 establece a posibilidade de **delegación de certas atribucións do Pleno a favor da Xunta de Goberno Local.**

### **PROPOÑO:**

Que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

### **Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións/competencias:**

- a) Aprobación/informe relativo á Renovación o/ou aprobación anual, de ser o caso, en relación co Padrón Municipal de Habitantes.
- b) Emisión do informe municipal, de ser preceptivo, para actuacións urbanísticas en Solo rústico (Lei 9/2002, de 30 de decembro).
- c) Declaracións de ruína non inminente segundo o artigo 201 da Lei do Solo de Galicia.
- d) Adquisicións de bens derivados de cesións urbanísticas, cando o seu valor exceda dos atribuídos como competencia da Alcaldía.
- e) Resolución de expedientes vinculados coas licencias municipais de auto-taxis: creación e amortización de prazas, concesión e revogación de licencias, autorización cambio de vehículos, autorización de prestación de servizo mediante asalariados, incoacción e resolución de expedientes sancionadores e todos aqueles derivados da Ordenanza Municipal do servizo e Regulamento Nacional.
- f) Asuntos derivados da Praza Municipal de Abastos conforme á Ordenanza reguladora do servizo.
- g) Competencias atribuídas ao Pleno como órgano de contratación a que se refire a D.A. do Real Decreto 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o TR a Lei de contratos do Sector Público. Non obstante no caso destes contratos formará parte da mesa de contratación unha representación de todos os grupos políticos municipais.”

A Corporación, por dez votos a favor ( dos membros do Grupo Municipal do BNG-AA) catro en cnotra (dos membros do Grupo Popular) e tres abstencións (duas dos membros do PSG-PSOE e unha do membro do Grupo Mixto) acorda prestar aprobación á proposta de referencia nos seus propios termos.

## **9.-PROPOSTA DE ADICACIÓNS EXCLUSIVAS.**

Por Secretaría dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Unha vez celebradas as Eleccións Municipais, o pasado 24 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación municipal, resulta necesario e conveniente proceder ao establecemento da nova organización municipal, e, en particular, á determinación das retribucións que percibirán os membros das Corporacións Locais no referente a aqueles que desempeñaran os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial nos termos que regula o artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Considerando que no caso do Concello de Ribadeo a complexidade da súa xestión, os numerosos servizos existentes, o incremento da poboación que se experimentou nos últimos anos, e ao amplo abanico de proxectos que esta Corporación ten previsto desenvolver, fai preciso que determinados membros da corporación teñan que desempeñar o cargo con algún réxime de dedicación, co matiz de que o límite para un concello coa poboación de Ribadeo se atopa en 5 dedicacións exclusivas, 2 eventuais e sen límite para as dedicacións parciais, e incluso no tramo anterior de poboación o límite sería de 3 dedicacións exclusivas, 1 eventual e sen límite para as dedicacións parciais.

Vistos os razoamentos e motivacións recollidos na providencia de Alcaldía de 26/06/2015, que xa advertía que a configuración definitiva do grupo de goberno, motivada polo incremento de concelleiros que forman parte deste e o reparto de delegacións que orixina, cuxo correcto funcionamento se irá vendo co paso do tempo así como tamén as futuras decisións que podan ser adoptadas por administracións alleas á municipal que poden afectar a este concello, que pode levar a que se modifiquen ao longo do mandato as necesidades iniciais que se conteñen nesta proposta

Visto o informe de Intervención de data 26/06/2015, polo que se declara a existencia de suficiente consignación orzamentaria para proceder ao recoñecemento das retribucións determinadas.

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,  
**ACORDO**

**PRIMEIRO.** A determinación de que os seguintes cargos, se exercerán en réxime de dedicación exclusiva, nos termos e condicións que se recollen no presente apartado e os seguintes deste acordo:

- **Alcaldía**, réxime de dedicación exclusiva, fixándose como retribucións a percepción de 3.175,00 euros brutos mensuais, a cobrar en 14 pagas, 12 correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se establece nas respectivas Leis de orzamentos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

Para este importe que se fixa, que representa 44.450,00 euros brutos anuais, hai que ter en conta que a disposición adicional 90ª da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, establece unha limitación de 50.000 euros para os concellos de 10001 a 20000 habitantes entre os que se atopa Ribadeo, e incluso nos do tramo de 5000 a 10000 habitantes o límite se establece en 45.000 euros, cifra que tamén supera ao proposto. Ademais, neste caso, a contía fixada mensual **equivale coas**

**condicións actuais a un importe líquido de 2.300,87 euros.**

- **Concellería delegada de Facenda, Infraestruturas e obras e Medio rural**, réxime de dedicación exclusiva, fixándose como retribucións a percepción de 2.141,94 euros brutos mensuais, a cobrar en 14 pagas, 12 correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se estableza nas respectivas Leis de orzamentos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

Para este importe que se fixa, que representa 29.987,16 euros brutos anuais, hai que ter en conta que a disposición adicional 90ª da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, establece unha limitación de 50.000 euros para os concellos de 10001 a 20000 habitantes entre os que se atopa Ribadeo, e incluso nos do tramo de 5000 a 10000 habitantes o límite se establece en 45.000 euros, cifra que tamén supera ao proposto. **Ademais, a contía fixada mensual equivale a un importe líquido de 1.596,46 euros.**

**SEGUNDO.** A determinación de que os seguintes cargos, se exercerán en réxime de dedicación parcial, nos termos e condicións que se recollen no presente apartado e os seguintes deste acordo:

- **Concellería delegada de desenvolvemento local, turismo e comercio**, réxime de dedicación parcial do 50%, que implica unha dedicación de cando menos dezaioito con setenta e cinco (18,75) horas semanais a realizar entre luns e domingo, fixándose como retribucións a percepción de 1.430,00 euros brutos mensuais, a cobrar en 14 pagas, 12 correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se estableza nas respectivas Leis de orzamentos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

Para este importe que se fixa, que representaría, se a dedicación fose exclusiva, 40.040,00 euros brutos anuais, hai que ter en conta que a disposición adicional 90ª da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, establece unha limitación de 50.000 euros para os concellos de 10001 a 20000 habitantes entre os que se atopa Ribadeo, e incluso nos do tramo de 5000 a 10000 habitantes o límite se establece en 45.000 euros, cifra que tamén supera ao proposto. Ademais, neste caso, a contía fixada mensual **equivale coas condicións actuais a un importe líquido de 1.147,77 euros**

**TERCEIRO.** Os membros da corporación titulares dos cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial citados, serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 do citado texto legal

**CUARTO.** O exercicio do cargo retribuído en réxime de dedicación exclusiva será incompatible coa percepción doutras retribucións con cargo aos Orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas

**QUINTO.** O exercicio do cargo retribuído en réxime de dedicación parcial será compatible con outras actividades públicas ou privadas, cos límites e co alcance establecidos no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, non podendo percibir asistencias pola concorrencia ás sesións dos órganos colexiados do Concello dos que formen parte.

**SEXTO.-** Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia, de acordo co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril.”



Intervén en primeiro lugar o concelleiro Sr. Castro Reigosa para facer unha puntualización en canto ao improte líquido da última cantidade na que dí que non se calculou o importe de IRPF.

Por parte do Grupo Mixto intervén dona Marta María Saiz García que manifesta que pon por diante que non pon en dúbida o traballo dos concelleiros aos que se refiren as adicacións pero que non pode estar de acordo coas mesmas nunha Corporación como ésta.

Polo Grupo do PSG-PSOE intervén o seu portavoz Sr. Ramos Piñeiro que manifesta que recoñece o traballo do equipo de goberno pero dí que non entende a subida por exemplo para a Alcaldía de 6.000 euros baixo o paraugas de que non supera o que marca a lei. Gostaría saber que métrica se aplicou.

Entende tamén que debería fixarse o custo de seguridade social para que se reflecta como un acto de transparencia a realidade do que custan estes servizos.

Pregunta se hai consignación presupostaria e significa que lle saen unhas cantidades da orde de 160.000 euros cando na anterior lexislatura eran de 80.000 euros, o que supón unha subida do cento por cento.

Anuncia o seu voto en contra.

Polo Grupo Popular intervén o concelleiro Sr. López Penabad. Manifesta que coincide plenamente co manifestado polo PSG-PSOE. Refírese á sorpresa da Deputación do outro día e que polo tanto non lle estrana esta adicación exclusiva.

Manifesta tamén que lle parece excesiva a subida para a Alcaldía aínda que estea por debaixo do que lle corresponda por lei e indica que non está de acordo con estas adicacións exclusivas e que eses cartos se poderían adicar a cousas máis importantes para Ribadeo.

O Sr. Alcalde intervén para manifestar que é certo que este asunto das adicacións exclusivas da moito xogo, que leva dende 2003 no concello e fai unha síntese destes últimos anos sinalando igualmente que o que pretenderon é poñer as cantidades que se leva cada un para a casa, isto é o soldo neto.

Sinala tamén que o traballo neste Concello cambiou moito nos últimos anos, que as contas están fiscalizadas pola Intervención e que se manteñen dentro dos límites da lei posto que poderían aínda ter máis adicacións tanto exclusivas como parciais, pero eles entenden que isto é o necesario para desenvolver unha labor axeitada e así se fixa na propia proposta de acordo. Refírese tamén ás nominas doutros alcaldes que o precederon no cargo e que superaban a cantidade actual.

Rematada a deliberación, a Corporación, por dez votos a favor (dos membros do Grupo do BNG-AA) e sete en contra (dos membros do Grupo Popular, PSG-PSOE e Mixto) acordan prestar aprobación á proposta de referencia nos propios termos da mesma.

## **10.-PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS OU COMPENSACIÓNS POR DESPRAZAMENTOS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN DERIVADOS DO EXERCICIO DO CARGO.**

Por Secretaría dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Unha vez celebradas as Eleccións Municipais, o pasado 24 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación municipal, resulta necesario e conveniente proceder ao establecemento da nova organización municipal, e, en particular, á determinación das retribucións que percibirán os membros das Corporacións Locais no referente á asistencia a

órganos colexiados ou as indemnizacións por razón do servizo nos termos que regula o artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Considerando o recollido na providencia de Alcaldía de 15/06/2015 e o informe de Intervención da mesma data, polo que se declara a existencia de suficiente consignación orzamentaria para proceder ao pago das retribucións determinadas.

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

## ACORDO

**PRIMEIRO.** A asistencia a órganos colexiados constitúe unha dieta ou honorario que se lle recoñece aos membros da Corporación que non perciben dedicación parcial ou exclusiva, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, fixándose a retribución bruta a obter por asistencia a cada sesión destes órganos de acordo co seguinte:

- Sesións plenarias, 50,00 euros.
- Sesións de Comisións Informativas: 30,00 euros.
- Sesións da Xunta de Goberno Local, 50,00 euros.
- Reunións da Xunta de Voceiros, 30,00 euros.
- Outros órganos colexiados locais, 30,00 euros.

**Non obstante o anterior, no caso de coincidir un mesmo concelleiro en varias sesións dun mesmo tipo de órgano a celebrar nun mesmo día, a continuación unha doutra, soamente percibirá indemnización pola asistencia a unha das sesións.**

**SEGUNDO.** Para a realización de xestións que esixan o seu desprazamento fora do termo municipal ou, no seu caso, dentro do mesmo, o Alcalde e os Concelleiros percibirán as indemnizacións seguintes:

1. As axudas de custo a percibir serán as correspondentes ó Grupo 1 de conformidade co disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio sobre indemnizacións por razóns do servizo para o persoal da Administración Pública, revisado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 1 de decembro de 2005 (BOE nº 279 de 3 de decembro de 2005) e que son as seguintes:

Aloxamento	102,56 €
Manutención	53,34 € (enteira) 26,67 € (media)
Axuda de custo enteira	155,90 €

As contías referidas serán actualizadas do mesmo xeito que se estableza para o persoal funcionario pola correspondente normativa estatal ou autonómica de desenvolvemento, de xeito automático.

Se como consecuencia dunha Comisión de Servizo se superaran estas contías deberá aportarse xustificación documental do gasto coa factura correspondente ó aloxamento ou manutención realmente producido.

2. O quilometraxe será igualmente o establecido para o persoal funcionario sendo na data deste acordo de 0,19 €/quilómetro e será actualizado igualmente segundo dispoña a normativa xeral de aplicación.

De conformidade co disposto nos artigos 20 e 21 do citado RD 462/2002, revisado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 1 de decembro de 2005 (BOE nº 279 de 3 de decembro de 2005) establécese a percepción de desprazamento dentro do termo municipal por razón do servizo igualmente a 0,19 €/quilómetro, e a este efecto será dabondo unha declaración asinada



polo membro da Corporación expresiva das datas e desprazamentos efectuados e a motivacións destes.

3. Tamén terán dereito os concelleiros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial a ser indemnizados polos gastos que lles supoña a asistencia a órganos colexiados doutras administracións, dos que formen parte pola súa condición (sen carácter exhaustivo: consellos escolares, mancomunidade de municipios, etc.), que se cuantificarán en 30,00 €, de xeito similar ao establecido para o caso de outros órganos colexiados locais.

En todo caso a percepción destas contías quedará condicionada á acreditación mediante o correspondente certificado da administración ou organismo en cuestión da participación do concelleiro en dita reunión e de que non se perciben asistencias deste polo mesmo motivo, para evitar duplicidades.

Asimilarase a celebración de vodas civís, nas que os concelleiros actúen por delegación do Alcalde, ao regulado nos dous parágrafos precedentes. Neste caso, para aqueles concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, establecerase unha indemnización polos gastos que lles supoña a participación en ditos eventos que se cuantificará en 30,00 euros, de xeito equivalente ao establecido para o caso de outros órganos colexiados locais

**TERCEIRO.** Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios desta corporación de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.”

Intervén o Sr.Alcalde para indicar que nesta proposta está incluído tamén o punto seguinte da Orde do día o número 11, aclarando tamén algún aspecto sobre as axudas de custo para o caso das persoas que están sometidas a adicación exclusiva e sobre outros aspectos deste punto.

Intervén polo PSG-PSOE o Concelleiro Sr. Ramos Piñeiro que manifesta que non están aquí nada mais que para atender aos veciños e sinalan que están de acordo no tema das dietas pero en canto ás percepcións por asistencia a sesións non están de acordo e optarían mellor porque non se cobrara nada por este motivo.

O Sr.Alcalde indica que comparte esa opinión pero que en todo caso tamén se trata de cantidades que non son excesivas, que incluso se baixaron respecto doutros anos e que tamén é algo que se debe percibir para retribuir o tempo que se lles ocupa aos concelleiros que non teñen adicación exclusiva.

A Corporación, por doce votos a favor (dos membros do Grupo do BNG-AA e PSG-PSOE) e cinco abstencións (dos membros do Grupo Popular e Mixto) acordan prestar aprobación á proposta de referencia nos propios termos da mesma, na parte correspondente ao asunto epigrafiado.

## **11.-PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A SESIÓNS E OUTRAS REUNIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS.**

Por Secretaría dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Unha vez celebradas as Eleccións Municipais, o pasado 24 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación municipal, resulta necesario e conveniente proceder ao

establecemento da nova organización municipal, e, en particular, á determinación das retribucións que percibirán os membros das Corporacións Locais no referente á asistencia a órganos colexiados ou as indemnizacións por razón do servizo nos termos que regula o artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Considerando o recollido na providencia de Alcaldía de 15/06/2015 e o informe de Intervención da mesma data, polo que se declara a existencia de suficiente consignación orzamentaria para proceder ao pago das retribucións determinadas.

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

## ACORDO

**PRIMEIRO.** A asistencia a órganos colexiados constitúe unha dieta ou honorario que se lle recoñece aos membros da Corporación que non perciben dedicación parcial ou exclusiva, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, fixándose a retribución bruta a obter por asistencia a cada sesión destes órganos de acordo co seguinte:

- Sesións plenarias, 50,00 euros.
- Sesións de Comisións Informativas: 30,00 euros.
- Sesións da Xunta de Goberno Local, 50,00 euros.
- Reunións da Xunta de Voceiros, 30,00 euros.
- Outros órganos colexiados locais, 30,00 euros.

**Non obstante o anterior, no caso de coincidir un mesmo concelleiro en varias sesións dun mesmo tipo de órgano a celebrar nun mesmo día, a continuación unha doutra, soamente percibirá indemnización pola asistencia a unha das sesións.**

**SEGUNDO.** Para a realización de xestións que esixan o seu desprazamento fora do termo municipal ou, no seu caso, dentro do mesmo, o Alcalde e os Concelleiros percibirán as indemnizacións seguintes:

1. As axudas de custo a percibir serán as correspondentes ó Grupo 1 de conformidade co disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio sobre indemnizacións por razóns do servizo para o persoal da Administración Pública, revisado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 1 de decembro de 2005 (BOE nº 279 de 3 de decembro de 2005) e que son as seguintes:

Aloxamento	102,56 €
Manutención	53,34 € (enteira) 26,67 € (media)
Axuda de custo enteira	155,90 €

As contías referidas serán actualizadas do mesmo xeito que se estableza para o persoal funcionario pola correspondente normativa estatal ou autonómica de desenvolvemento, de xeito automático.

Se como consecuencia dunha Comisión de Servizo se superaran estas contías deberá aportarse xustificación documental do gasto coa factura correspondente ó aloxamento ou manutención realmente producido.

2. O quilometraxe será igualmente o establecido para o persoal funcionario sendo na data deste acordo de 0,19 €/quilómetro e será actualizado igualmente segundo dispoña a normativa xeral de aplicación.

De conformidade co disposto nos artigos 20 e 21 do citado RD 462/2002, revisado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 1 de decembro de 2005 (BOE nº 279 de 3 de decembro

de 2005) establécese a percepción de desprazamento dentro do termo municipal por razón do servizo igualmente a 0,19 €/quilómetro, e a este efecto será dabondo unha declaración asinada polo membro da Corporación expresiva das datas e desprazamentos efectuados e a motivacións destes.

3. Tamén terán dereito os concelleiros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial a ser indemnizados polos gastos que lles supoña a asistencia a órganos colexiados doutras administracións, dos que formen parte pola súa condición (sen carácter exhaustivo: consellos escolares, mancomunidade de municipios, etc.), que se cuantificarán en 30,00 €, de xeito similar ao establecido para o caso de outros órganos colexiados locais.

En todo caso a percepción destas contías quedará condicionada á acreditación mediante o correspondente certificado da administración ou organismo en cuestión da participación do concelleiro en dita reunión e de que non se perciben asistencias deste polo mesmo motivo, para evitar duplicidades.

Asimilarase a celebración de vodas civís, nas que os concelleiros actúen por delegación do Alcalde, ao regulado nos dous parágrafos precedentes. Neste caso, para aqueles concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, establecerase unha indemnización polos gastos que lles supoña a participación en ditos eventos que se cuantificará en 30,00 euros, de xeito equivalente ao establecido para o caso de outros órganos colexiados locais

**TERCEIRO.** Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios desta corporación de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.”

A Corporación, por dez votos a favor (dos membros do Grupo do BNG-AA) cinco abstencións (dos membros do Grupo Popular e Mixto) e dous votos en contra (dos membros do Grupo PSG-PSOE) acordan prestar aprobación á proposta de referencia nos propios termos da mesma, na parte correspondente ao asunto epigrafiado.

## **12.-DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOUTROS ORGANISMOS.**

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

### **PROPOSTA DA ALCALDIA PARA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOUTROS ORGANISMOS.**

Unha vez constituída a nova Corporación Municipal o pasado día 163 de xuño de 2015 procede a designación de representantes municipais en diferentes organismos, polo que

#### **PROPOÑO:**

1º. Que o Concello Pleno adopte o acordo de designar os correspondentes representantes municipais nos Centros que se reseñarán de seguido:

- a) Colexio Público Gregorio Sanz
- b) I.E.S.Porta da Auga
- c) I.E.S. Dionisio Gamallo Fierros.
- d) Escola de Idiomas.

Para o Colexio Gregorio Sanz esta Alcaldía propón a designación de Xosé Farruco Graña Rama e como suplente a Maria da Paz Ermida Igrexas

Para os 3 centros de ensino restantes esta Alcaldía propón que o resto de Grupos se distribúan as representacións correspondentes.

2º. Para a -Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa proponse pro esta Alcaldía que os representantes sexan o Alcalde-Presidente e mais o Concelleiro D.David Rivas Peña.

3º. Para formar parte da Comisión do Centro Comercial Aberto proponse por parte do Grupo de Goberno ademáis do Alcalde-Presidente aos Concelleiros Ana Maria Martinez Fernández, Vicente Castro Reigosa e Paz Ermida Igrexas, debendo designarse tal e como se establece no Convenio outro representante por parte do principal partido da oposición.

4º. Para formar parte da Mesa Local de Comercio proponse por parte do Grupo de Goberno ademáis do Alcalde-Presidente aos Concelleiros Ana Maria Martinez Fernández, Vicente Castro Reigosa e Paz Ermida Igrexas, debendo designarse outro representante por parte dos Grupos da oposición.”

Por parte dos diferentes Grupos municipais proponse:

Para o **Centro Dionisio Gamallo**, representante Dona Marta María Saiz García do Grupo Mixto.

Para o **Centro Porta da Auga**, representante don David Fernández Feijoo e como suplente don Roberto Ramos Piñeiro.

Para a **Escola de Idiomas**, representante dona María Rosina Tosar López e como suplente don José María Suárez García.

Como representantes **na Comisión do Centro Comercial Aberto**:

Por parte do Grupo de Goberno BN-AA, D. Vicente Castro Reigosa e dona Ana María Martínez Fernández e como suplente dona Maria Paz Ermida Igrexas.

Por parte dos Grupos da oposición don David Fernández Feijoo e como suplente don Roberto Ramos Piñeiro.

Como representantes **na Mesa Local de Comercio**:

Por parte do Grupo de Goberno BN-AA, Dona Maria Paz Ermida Igrexas e dona Ana María Martínez Fernández e como suplente Don Vicente Castro Reigosa

Por parte dos Grupos da oposición don José María Suárez García e como suplente don Jesus López Penabad.

A Corporación, por trece votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PSG-PSOE e mixto) e catro abstencións do Grupo municipal do PP, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía con enmendas e en consecuencia acórdase:

1º.-a.Designar para o **Colexio Gregorio Sanz** representante municipal a D. Xosé Farruco Graña Rama e como suplente a Maria da Paz Ermida Igrexas.

b. Designar para o **Centro Dionisio Gamallo**, representante municipal a Dona Marta María Saiz García do Grupo Mixto.

c.-Designar para o **Centro Porta da Auga**, representante municipal a don David Fernández Feijoo e como suplente don Roberto Ramos Piñeiro.

d.- Designar para a **Escola de Idiomas**, representante municipal a dona María Rosina Tosar López e como suplente don José María Suárez García.

2º.Designar como **membros representantes da Corporación municipal na Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa ao Alcalde-Presidente desta Entidade local D.Fernando Suárez Barcia e mais ao Concelleiro D.David Rivas Peña.**

3º. Para formar parte da Comisión do Centro Comercial Aberto designar por parte do Grupo de Goberno ademáis do Alcalde-Presidente aos Concelleiros/as D<sup>a</sup> Ana Maria Martinez Fernández, D. Vicente Castro Reigosa e como suplente D<sup>a</sup> María Paz Ermida Igrexas e por parte dos Grupos da oposición don David Fernández Feijoo e como suplente don Roberto Ramos Piñeiro

4º.Para formar parte da Mesa Local de Comercio propónse por parte do Grupo de Goberno ademáis do Alcalde-Presidente aos Concelleiros D<sup>a</sup> María Paz Ermida Igrexas e dona Ana María Martínez Fernández e como suplente Don Vicente Castro Reigosa; ademais por parte dos Grupos da oposición don José María Suárez García e como suplente don Jesus López Penabad.

Sendo as vintedúas horas e non habendo máis asuntos que tratar o Sr.Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fé.

O ALCALDE,

Asdo./ FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

O SECRETARIO,

Asdo./JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE,